Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
MÉRCORES, 18 DE NOVEMBRO DE 2026 | MIÉRCOLES, 18 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 221

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CORUÑA, A

Tesourería e Recadación

Ingreso en voluntaria de taxas de mercados municipais e quioscos do 3º trimestre de 2026

ANUNCIO

INGRESO EN VOLUNTARIA DE TAXAS DE MERCADOS MUNICIPAIS E QUIOSCOS DO 3º TRIMESTRE DE 2026.

Por Resolución do Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica, de data 21.10.2026, estableceuse o prazo de ingreso en voluntaria das Taxas por prestación de servizos en mercados municipais e ocupación de terreos de uso público con quioscos, 3º trimestre do 2026, de acordo co seguinte:

CONCEPTO	PERÍODO	PRAZO DE INGRESO
Taxas por prestación de servizos en mercados municipais e por ocupación de terreos de uso público con quioscos	3º trimestre 2026	Dous meses, contados a partir da publicación no BOP do edicto de cobranza.

Os obrigados ó pagamento poderán satisfacer as súas débedas a través de:

CAIXA MUNICIPAL, sita na R./Franxa, 20 Baixo, de luns a venres, de 8:00 a 14:00. (Os días 24 e 31 de decembro, a caixa municipal permanecerá pechada).

ENTIDADES COLABORADORAS: No horario de atención de caixa da respectiva entidade (de luns a venres).

ABANCA

BANCO SANTANDER

BANCO SABADELL

CAIXABANK

BBVA

Transcorrido o período de cobramento en voluntaria sinalado, sen que se satisfixeran as débedas, iniciarase o procedemento de constrinximento de conformidade co disposto no artigo 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo e 96 e seguintes da Ordenanza Xeral de Xestión, Recadación e Inspección dos Tributos e doutros Ingresos de Dereito Público Municipais, publicada no BOP nº 233 de 3 de decembro de 2024, coas recargas previstas no artigo 28 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, custas e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

A non recepción do documento de cobro no domicilio non exonera da obriga do pagamento, nin impide o emprego da vía de constrinximento.

A Coruña, a 13 de novembro de 2026

O Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica.

José Manuel Lage Tuñas

2026/7493

Número de anuncio 2026/7493